

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Maio 2007 COMUNICADO

En maio de 2007 os prezos dos bens de importación mantivéronse constantes; pola contra os prezos dos bens de exportación creceron arredor dun 10%.

O índice de prezos das exportacións creceu un 9,9% en maio de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 9,9% en maio de 2007 con respecto a maio de 2006. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada tamén un 9,9%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 17,8% e os prezos dos bens de equipo creceron un 6,2%; pola contra, os prezos dos bens intermedios decreceron un 1,2%.

O índice de prezos das importacións creceu un 0,4% en maio de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 0,4% en maio de 2007 con respecto a maio de 2006. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións creceron un 0,5%.


Por destino económico, os prezos dos bens de equipo creceron un 7,3%; mentres que os prezos dos bens de consumo e intermedios decreceron un 1,2% e 0,9% respectivamente.

Índices de valor unitario. Maio 2007. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	110,2	9,9%	8,5%
Importacións/introduccións	105,2	0,4%	-0,6%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	111,0	9,9%	8,5%
Importacións/introduccións	104,1	0,5%	-0,7%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>